

O artista galego Joseba Muruzábal e a Fundación Vicente Ferrer únense para homenaxear ás mulleres da India rural

- *O muralista viaxará a Anantapur (India) para realizar unha obra na que representará a forza das mulleres que deben afrontar a súa maternidade soas.*
- *A acción englobase dentro dun programa que conta co financiamento da Xunta de Galicia e que dá apoio a 327 mulleres en situación de vulnerabilidade.*

18/11/2024. Ao pasear polas instalacións da Fundación Vicente Ferrer (FVF) en Anantapur pódense atopar distintos murais, coloridos e cheos de vida, que pretenden sensibilizar á poboación rural sobre distintos aspectos como a educación das nenas, a hixiene persoal ou os dereitos das mulleres. A este proxecto sumouse agora o artista galego Joseba Muruzábal, que visitará a India para deixar plasmada na súa peza o rol e a loita das mulleres que deben afrontar soas a maternidade na rexión india de Madakasira, unha zona rural onde a pobreza e as desigualdades intensifícanse aínda máis pola falta de recursos.

Para realizar a súa peza, Muruzábal entrará de cheo no corazón da India rural, onde traballa a FVF, e entrevistarse persoalmente con estas mulleres para facer un retrato da súa realidade. Este traballo colaborativo pretende facer protagonistas das súas propias historias a estas mulleres que teñen que sacar ás súas familias adiante sen axuda de ninguén, pola súa condición de viúvas ou solteiras. Unha situación que na India carrega unha problemática económica e social polas supersticións que existen ao redor das mulleres que perderon ao seu marido.

O artista viaxará acompañado da delegada da Fundación en Galicia, María Moldes, que achegará a súa experiencia e coñecemento do proxecto para achegar ao artista á contorna. Unha vez finalizada a obra, todas as mulleres beneficiarias e protagonistas do proxecto participarán da inauguración do mural.

Poderase seguir o proceso de execución do mural a partir do 24 de novembro nas redes sociais da FVF en Galicia (Instagram [@fvicenteferrer.gal.ast](https://www.instagram.com/fvicenteferrer.gal.ast) e Facebook [Fvicenteferrer Galicia e Asturias](https://www.facebook.com/FvicenteferrerGaliciaeAsturias)).

Empoderamento individual, social e económico

O programa de mulleres cabeza de familia con fillos a cargo, que conta coa colaboración e financiamento da Xunta de Galicia, contempla o empoderamento individual, social e económico das mulleres que exercen de nais soas nun centenar de pobos da rexión de Madakasira. Esta zona rural da India segue estando marcada por un rixido sistema familiar que pon ao home no centro con moitas reminiscencias relixiosas da cultura hindú. Nesta conxuntura, as mulleres só poden existir tendo a un home á beira. O problema vén cando este morre ou se marcha, deixándoas soas a cargo das súas fillas e fillos en comunidades nas que por esta razón deixan de ter valor social, económico ou familiar.

Nesta situación atópanse 327 mulleres das zonas máis empobrecidas de Madakasira que forman parte do programa levado a cabo pola FVF, que pretende darlles apoio para que poidan gozar dunha vida digna, tanto elas como as súas fillas e fillos.

Para iso, a Fundación coa colaboración da Xunta de Galicia, traballa en diferentes liñas de actuación: acceso a un emprego digno que lles permita independencia económica a través dun programa de xeración de ingresos baseado en micro emprendementos; garantir a súa saúde física e mental; acceso a contornas e espazos onde sentirse libres e seguras creando comunidades conscientes e mulleres que coñecen os seus dereitos e, por último, fomentar que as súas fillas e fillos poidan acceder tamén aos seus dereitos e que estes non sexan vulnerados. Isto é especialmente importante para que as nenas aseguren o seu acceso á educación e teñan mellores oportunidades de futuro.

Destino Igualdade: unha exposición itinerante con transfondo solidario

Doutra banda, para dar a coñecer a situación destas mulleres fóra das fronteiras da India, o proxecto tamén alberga unha exposición itinerante que empezou o seu percorrido o 8 de marzo de 2023, coincidindo coa entrega do premio do Día Internacional da Muller a María Moldes, en Negreira, a súa localidade natal, e que pasou por distintas cidades de Galicia.

A exposición inicia agora a súa itinerancia por varias estacións de tren de Galicia dentro do programa “Estación Aberta” de ADIF. Poderase visitar nas estacións da Coruña (do 11 ao 25 de novembro), Vilagarcía de Arousa (do 25 de novembro ao 9 de decembro), Vialia en Vigo (do 9 ao 23 de decembro) e Vigo-Guixar (do 23 de decembro ao 7 de xaneiro).

Centos de viaxeiros ao día poden conectar, por un instante, coa realidade que se vive a miles de quilómetros de distancia, nun mundo e unha sociedade totalmente diferente á nosa. Unha oportunidade para concienciar ao maior número de persoas das desigualdades que sofren estas mulleres na India rural.

Sobre a Fundación Vicente Ferrer

A Fundación Vicente Ferrer é unha organización de acción independente integrada por persoas que comparten plenamente os ideais humanistas. Ten un compromiso coas comunidades máis fráxiles, vulnerables e tradicionalmente discriminadas. O seu obxectivo é chegar ao maior número posible de persoas en risco de discriminación, desigualdade ou pobreza.

Contacto Prensa:

- 1. María Moldes Suárez. Delegada da Fundación Vicente Ferrer en Galicia e Asturias. mmoldes@fundacionvicenteferrer.org**
- 2. Ana Belén Picazo. Técnica da Fundación Vicente Ferrer en Galicia e Asturias. abpicazo@fundacionvicenteferrer.org**